

Cooperativismo e Economía Social, nº 35 (2012-2013), pp. 181-182

INCENTIVOS FISCAIS Á CONTRATACIÓN REGULADOS NA LEI DE REFORMA LABORAL

Carmen RUIZ HIDALGO

*Profesora Titular de Dereito Financeiro e Tributario
Universidade de Vigo*

A Lei 3/2012, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral inclúe, no capítulo II da mesma, diversas medidas dirixidas a fomentar a contratación indefinida e a creación de emprego, tanto para os traballadores, como as PYMES, que, a efectos destas notas, é a parte que nos interesa.

As empresas de cincuenta ou menos traballadores constitúen, segundo datos do Directorio Central de Empresas do Instituto Nacional de Estatística, o 99,23% das empresas españolas. A reforma laboral trata de facilitar a contratación de traballadores por parte destas empresas, que representan á maior parte do tecido produtivo do noso país e que albergan as diversas fórmulas de organización empresarial que posibilita o noso ordenamiento xurídico, entre as que cabo destacar o traballo autónomo e as diversas familias da economía social.

Con esta finalidade créase unha nova modalidade de contrato de traballo por tempo indefinido da que só poderán facer uso as empresas que teñan menos de cincuenta traballadores que, pese á situación de crise económica, aposten pola creación de emprego. Por suposto este número limitado de traballadores só é determinante no momento da contratación do traballador por este tipo de contrato indefinido. Ademais, establécense dous incentivos fiscais para suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades e contribuyentes do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas que realicen actividades económicas, destinados a incentivar este tipo de contrato.

O primeiro dos incentivos resulta aplicable exclusivamente a aquelas entidades que carezan de persoal contratado, mentres que o segundo vai destinado ás empresas de cincuenta ou menos traballadores, que realicen a contratación de desempregados beneficiarios dunha prestación contributiva de desemprego. Así mesmo, racionalizar o sistema de bonificacións para a contratación indefinida, cuxa práctica generalización limitou gravemente a súa eficiencia. Así, as bonificacións previstas nesta Lei diríxense exclusivamente ás empresas que teñan menos de cincuenta traballadores, ben pola transformación de contratos en prácticas, de substitución ou de substitución da idade por xubilación en contratos indefinidos, ou ben pola contratación indefinida, a través da nova modalidade contractual sinalada, de mozas de entre 16 e 30 anos ou desempregados maiores de 45 anos.

Para a aplicación dos incentivos vinculados ao contrato de traballo por tempo indefinido de apoio aos emprendedores, a empresa deberá manter no emprego ao traballador contratado polo menos tres anos desde a data de inicio da relación laboral. Así mesmo, deberá manter o nivel de emprego na empresa alcanzado co contrato por tempo indefinido de apoio a os emprendedores durante, polo menos, un ano desde a celebración do contrato. En caso de incumplimento destas obrigacións deberase proceder a o reintegro dos incentivos.